

NOTA DE PRENSA

MAR BARCON DI " QUE NON HAI AXENDAS PECHADAS NA SANIDADE PUBLICA GALEGA"

- A voceira socialista di que " o PP segue utilizando a estratexia política de alarmismo e confusión sobre este asunto tan importante como é a Sanidade Pública"

Santiago, 30 de abril do 2008.- A portavoz de Sanidade do PSdeG-PSOE Mar Barcon desmentiu hoxe que haxa axendas pechadas na Sanidade Galega, e desminte taxativamente as acusacións de Feijoo sobre este asunto.

A deputada socialista sinala sobre as listas de espera en Galicia " que a prioridade das mesmas as marca os profesionais dos centros hospitalarios e non os xerentes dos mesmos". Barcon puxo coma exemplo que " na nosa Comunidade Autónoma os doentes de prioridade 1 teñen unha media de espera inferior a 30 días de intervención cirúrxica".

Amais a Portavoz de Sanidade explica que " todos os xerentes teñen instrucións dende a chegada a Consellería de Sanidade que dirixe María José Rubio, de non ter axendas pechadas salvo problemas puntuais, o cal debería producirse excepcionalmente ante circunstancias inesperadas e non coma unha política habitual".

A voceira socialista di que " o PP segue utilizando a estratexia política de alarmismo e confusión sobre este asunto tan importante como é a Sanidade Pública. Algo que non fixo nunca o PSdeG na oposición, nin moito menos utilizar datos persoais de pacientes, algo que nos parece gravísimo".

"Hai que lembrar- di Barcon- que agora estanse publicando os datos das listas de espera en Galicia, algo que non fixo tampouco nunca o PP, e que agora reivindica coma un asunto normal".

Un Plan cun investimento de 1.316 millóns de euros

Por último Barcon destaca que "o Goberno que preside Emilio Pérez Touriño está comprometido dunha maneira clara co sector sanitario na nosa Comunidade. Como exemplo deste compromiso cabe destacar o Plan Director de Infraestruturas Sanitarias, que a través dun investimento de 1.316 millóns de euros nos vindeiros cinco anos, vai poñer en marcha unha serie de actuacións que servirán para modernizar e actualizar o tecido sanitario de Galicia".